



**O INCERTO SR. DON**

**PRÍNCIPE DE DINAMARCA**

de Álvaro Cunqueiro

con Elena Seijo, Suso Díaz,  
X.A.Porto "Josito", Sabela Gago,  
Tito Asoeey, Fina Calleja, Nate Borrajo  
e Fernando Ducosta

Dirixida por Ánxeles Cuiña Bóveda

**SARABELA**  
TEATRO 

in meoriam Suso Díaz





Sarabela Teatro achéganos a esta obra única de Álvaro Cunqueiro, *O incerto señor don Hamlet*, texto lírico, intertextual e complexo que leva implícito ritmo, musicalidade, escrita de realismo soñado, con grandes acertos técnicos, forza dramática e orixinalidade. Unha montaxe cunha teatralidade nova do mal, combinada co uso da ironía e procedementos lúdicos; na que se equilibran as forzas: amor/morte. *O incerto señor don Hamlet*, príncipe de Dinamarca, establece pontes entre tradicións culturais, seguindo a tendencia europea do teatro de mitos, adaptándose á sociedade actual.





Hamlet recibe unha nova sorprendente: non é fillo do seu pai lexítimo (Olaf, o rei envelenado), senón do seu tío Halmar, o asasino e usurpador do trono. A desolación e o vento aboian sobre Elsinor. A pantasma de Olaf instiga a Hamlet, pide vinganza e dille que a súa nai (Gerda) tamén debe pagar. Este cambio de perspectiva con respecto a Shakespeare marca a transición do tema trágico da vinganza ao tema, tamén trágico, da busca da propia identidade. O Coro revela a verdade: a ignorancia dá paso ao coñecemento, pero cun significado moi particular. Agora xa sabe quen é: froito da mentira; fillo de dous asasinos. Toda a trama vira aquí de dirección: primeiro Hamlet non dá creto, despois cambia a perspectiva, axudado por Laertes, adáptase aceptando o seu destino. Hamlet mergúllase na melancolía. Con Ofelia a escena muda de cor e aparece a poesía, o namoramento, a primavera. A parábola do intento de incesto toma un carácter máis literario que mitolóxico na escena na que Gerda faille unha confianza privada a Poloño onde expresa os seus desexos de casar con Hamlet.



Os oito intérpretes establecen un diálogo en contínua transformación poética (con multitude de significados posibles), por veces meláncolica, retranqueira outras, potente sempre; resaltan a grotesca crueldade, o patetismo e a perplexidade, o humor... tan explícitamente e con tantos azos a través da entonación, a expresión e a evocación física que a linguaxe lírica coa que falan soa clara coma tan só poden facela emerxer actores e actrices que saben combinar técnicas interpretativas no fío dun aramio. A xustaposición do coro, dos cómicos e dos



habitantes de Elsinor é un dos factores máis importantes da nosa proposta. Trátase de facer clara a forma a través dos contrastes; crear un movemento dinámico; unha posta en escena espida. Un espazo metafórico, Elsinor: recoñecible alén dos mares. Os personaxes xogan á simulación. “A corte de Dinamarca é un teatro onde ninguén é o que aparenta”. O lugar máis venteado do mundo. Un vento que provén das tebras, un vento terrorífico, unha ameaza. Un espazo simbólico de corrupción, luxuria e crimes. Hai máscaras e desenmáscárase.



Entre os signos que definen a nosa proposta está a escenografía e a luz. Unha luz de caverna verde non comunica ao organismo a mesma disposición sensual que a luz dun día ventoso. Coa luz e as imaxes achegámonos ao mar. Tralo son, creador de atmosferas, a luz e as imaxes, chega a acción contemporánea, e o dinamismo da acción: aquí o teatro, “lonxe de copiar a vida tenta comunicarse coas forzas puras”. Non imita, constrúe a partir do imaxinario.







«¿Pode un home, ó mesmo tempo, ser e non ser?  
¿Cantos homes son precisos, no escuro, para facer na  
luz un só home verdadeiro?»

«Non hai outras certezas cas adiviñacións da poesía».

ÁLVARO CUNQUEIRO



# Don Hamlet

DIRECCIÓN ÁNXELES CUÑA BÓVEDA

ELENCO

*Hamlet* é FERNANDO DACOSTA

*Laertes/Escaramuza* é TITO ASOREY

*Ofelia* é NATE BORRAJO

*Poloño* é JOSITO PORTO

*A Raíña Gerda* é SABELA GAGO

*Dona Guglielma* é ELENA SEIJO

*Colombina* é FINA CALLEJA

*El Rei Halmar* é ALFREDO RODRÍGUEZ

TODOS como *Coro*

AXUDANTES DE DIRECCIÓN

ELISENDA RENOM e NURIA GULLÓN

ESCENOGRAFÍA: Suso Díaz

VESTIARIO: David Rubín

COORDINACIÓN VESTIARIO: Ruth D. Pereira

REALIZACIÓN VESTIARIO: Santos Salgado, Cloti Vaello e Elena Ferro

MAQUILLAXE: Beatriz Paz

MÁSCARAS: Sara Costa

ILUMINACIÓN: Suso Díaz

ESPAZO SONORO: Renata Coda Fons

GRÁFICA: David Rubín e Suso Díaz

FOTOGRAFÍAS: Mario Herradón

PROYECCIONES: Suso Díaz, Diego B. Urbano

ENTRENAMENTO CORPO E VOZ: Elisenda Renom e Nuria Gullón

TÉCNICOS DE LUZ E SON: J. Manuel Bayón e Rubén Dobaño

TÉCNICOS EN ESCENA: David Varela e J. Manuel Bayón

---

## NECESIDADES TÉCNICAS

Ancho: 9 m

Alto: 5 m

Fondo: 8 m

Potencia de luz: 60.000 W

Potencia de son: 1.000 W

Outras necesidades: Trifásica con neutro ao pé do escenario

Duración: 90 minutos

## CONTRATACIÓN

Fina Calleja: 629860580

[www.sarablateatro.com/](http://www.sarablateatro.com/) sarablateatro@yahoo.es

*Hamlet:  
esperta auténtica paixón!*

*Que obra de teatro  
foi máis aló que Hamlet?*

